

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE FIXAN OS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS ACADÉMICOS E ADMINISTRATIVOS NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO ACADÉMICO 2019/2020”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co “proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso 2019/2020”, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, sinala que é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ó Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 81.3.b), na redacción dada polo Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, e pola Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, que os prezos públicos por estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional serán fixados por cada comunidade autónoma, dentro dos límites que estableza a Conferencia Xeral de Política Universitaria, e estarán relacionados cos custos de prestación do servizo nos termos e porcentaxes que o dito artigo especifica.

Para os restantes estudos, os prezos públicos serán fixados polo consello social da respectiva universidade, segundo o disposto no artigo 81.3.c) da citada lei orgánica, e no artigo 75.3.f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

2. Acerto e oportunidade



Resulta necesario por tanto fixar os importes que deberá aboar o alumnado polos estudos universitarios conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, correspondentes ao curso 2019/2020, tendo en conta o custo estimado dos servizos académicos, así como a diferenza entre o prezo da primeira matrícula fronte ao prezo da segunda, terceira, cuarta e sucesivas matrículas, e ao abeiro do establecido no artigo 47 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co obxecto de atenuar o esforzo do alumnado e as súas familias, unha vez aplicadas as regras fixadas para o cálculo pola normativa estatal, o proxecto de decreto mantén os mesmos prezos públicos do curso 2018/2019 co fin de favorecer o acceso aos estudos universitarios evitando posibles exclusións debidas a razóns económicas.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, consta no expediente:

- Un estudo económico e unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade.
- Unha táboa de vixencias.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Consellería, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia indicando á cidadanía a posibilidade de formular alegacións e suxestións. Con data do 17 de xuño de 2019 a Secretaría Xeral de Universidades emitiu un informe pronunciándose sobre as suxestións presentadas pola cidadanía.

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do esixido no artigo 42 da LOFAXGA así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse informes á Secretaría Xeral de Igualdade e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.





A Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o seu informe o 27 de maio de 2019 e a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o 5 de xuño de 2019. Así mesmo, consta certificado da secretaria do Consello Galego de Universidades de que na sesión do 10 de xuño de 2019 informouse favorablemente o proxecto de decreto.

O texto someteuse tamén á Asesoría Xurídica da Consellería que emitiu o seu informe favorable o 20 de xuño de 2019.

4. Legalidade

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se considera que se axusta á legalidade vixente, polo que o **informa favorablemente** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

O secretario xeral técnico

Jesús Oitaveira Barcala

